


Setembro · 2019 n.º 22

A PALLOZA

AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA AGARIMOS





AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA AGARIMOS

CURSOS GRATUITOS para todos los socios

GAITA · PERCUSIÓN · PANDERETA
BAILE · CANTAREIRAS

Ven y disfruta de nuestro LOCAL SOCIAL

Especialidades gallegas y del Bierzo:

Pulpo
Oreja
Chorizos

Navajas
Androllas
Lacón
Quesos

Almejas
Botillos
Etc.

Extensa selección de vinos

ACTIVIDADES todo el año

EXCURSIONES
CONCURSOS DE COCINA
(roscón y empanada)
¡Y MUCHO MÁS!

Calle París, 45, bajos
08913 Badalona (Barcelona)
Tel./Fax: 93 460 20 22
acgagarimos@hotmail.com

¡HAZTE
SOCIO!

1
¡SÍGUENOS!



acgagarimos.debadalona



Agarimos Agrupación Cultural Galega



@agarimosdebadalona

Sumario

Saúdo da Xunta Directiva
Saúda Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia
Saúda Álex Pastor, alcalde de Badalona
As feiras de Xinzo de Limia a través do tempo
Iª Jornada de la Vía Marina del Camino de Santiago
Letras Galegas 2019: Antón Fraguas
Aigües de Barcelona
Deskford Carnyx. Instrumentos del pasado para la música del presente
O Ribeiro. Recuperando os cinco sentidos
As nosas actuacións
Algunhas actividades da entidade
Territorio verde
Receta: Mejillones a la marinera
A falta de colectivismo nos Entrodios contemporáneos
Recuncho poético
Pinceladas de humor



DIRECCIÓN DA REVISTA

Xunta Directiva A.C.G. Agarimos

PORTADA

Núria Alegre

COORDINACIÓN

Xunta Directiva A.C.G. Agarimos

FOTOGRAFÍAS

Vicente Maza, Sonia Fernández, Óscar Aragón, José González, Teresa Barreira, Joan Masats, Luisa Núñez, @unpaseounafoto (en Instagram)

COLABORADORES TEXTOS

Ayla Aragón, Xesús Galán, Alex González, Héctor González, Marcos González, Xosé Carlos G. González, Ánxela Lago, Juan Ángel de Llanos, Santiago Lorenzo, Edelmiro Martínez Cerredelo, Iván Prado Rodríguez, José Rivas, Meri Rodríguez, Jennifer Santiago, Joel Santiago

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Núria Alegre

DEPÓSITO LEGAL: B-31.553-05

IMPRESIÓN: Press Line, S.L.

A Agrupación Cultural Galega Agarimos de Badalona non se fai responsable das opinións verquidas na revista A Palloza polos/as seus/súas colaboradores/as.

A PALLOZA

Revista Cultural Galega nº22 Setembro 2019



Local social:
Rúa París 45, baixos
08913 Badalona (Barcelona)
acgararimos@hotmail.com



Colaboradores:



Concello de Xinzo de Limia



Ajuntament de Badalona





.....
Harinas y Patatas de churrería
.....

comercial
mintosan^{s.l.}
.....

Pol. Ind. Riera del Fonollar

Calle Guipúscoa, 7 • Nave 13

08830 Sant Boi de Llobregat, Barcelona

Teléfonos: 936 543 495

655 964 509

615 818 409

605 858 610



Carnisseria **HERNANDO**

Carns fresques

i Embotits

Carns gallegues

Carrer Pau Piferrer, 15.
08914. BADALONA, BARCELONA
Tel.: 93 399 09 01

Gràcies per la seva visita



Saúdo da Xunta Directiva

Con esta revista comezamos novo curso, despois do merecido descanso das vacacións, das que esperamos volver saciados dos cheiros, sabores, paisaxes e ricas vivencias da nosa querida terra, para poder supera-la morriña durante todo un ano.

Seguimos traballando pola nosa cidade, Badalona, e representar con orgullo e traballo, á ampla comunidade galega na que residimos. Así mesmo e contaxiados da ilusión e entrega dos máis mozos, continuaremos mostrando a cultura galega en Barcelona, Cataluña e fora das nosas fronteiras, da man de Xuntanza de Catalunya, que nos permite ter unha maior proxección da nosa música e folclore.

Dende a nosa entidade tamén nos unimos a traballar en proxectos en Galicia, como os emprendidos por Territorio Verde, que ante o drama que representan os incendios descontrolados que están arrasando a nosa terra e paisaxes, acentuados polo cambio climático, propúxose realizar actividades como plantacións de árbores autóctonas, limpeza de vertedoiros, recuperación de feiras de gando, etc. involucrando aos habitantes das aldeas, e así tamén “aliviar” outra das lacras que nos

asolan: o despoboamento rural e baleirado das aldeas; con todo desaparecerán os medios de vida tradicionais, abandoando o campo aos devastadores incendios que nos asolan.

Durante este ano, e como ven sendo habitual, realizamos para os nosos socios e amigos o concurso da empanada e o roscón, o magosto, a chocolatada de Reis, o Entroido entre outras no noso local; fixemos saídas en autocar a Valls e Alcover de “calçotada”, a Lleida e tamén á tradicional churrascada, que este ano cambiamos de localización ao picnic de Arenys de Munt, coa aprobación da maioría do cambio de localización. Con Xuntanza de Catalunya, participamos no concurso da empanada do Centro Asturiano de Barcelona e nas festas de San Froilán, e coa xuventude viaxamos ata Praga para actuar no Festival de Folklore Internacional de Pascua e participado no Festival Internacional de Bandas de Gaitas de Xinzo de Limia.

Como sempre, agradecer a tódolos nosos socios, amigos, patrocinadores, etc. que nos axudan e animan a seguir adiante en tódolos actos que levamos a cabo, e no noso ánimo está seguir traballando.

A Xunta Directiva





Avda. Bon Pastor, 163-165
Tel. 93 462 64 04
08930 Sant Adrià de Besós (Barcelona)
e-mail: press-line@press-line.net
www.press-line.net

Imprimimos de lo más sencillo a lo más sofisticado:

- Libros.
- Catálogos de producto y arte.
- Revistas.
- Displays y carpetas.
- Cuadripartidos, trípticos...
- Pósters.
- Flyers, folletos, buzoneo.



Radio Pomar

**La radio de todos y
para todos...!!**

vive la radio...!!!

Descárgate ya nuestra APP
para sistemas operativos
ANDROID y APPLE y escúchanos
estés donde estés!!!



Avda. Sabadell, s/n. 08915 - Badalona
Tel. 93 465 77 76 - www.radiopomar.com

Saúdo do Presidente da Xunta de Galicia



A Asociación Cultural Galega 'Agarimos' de Badalona é o un dos exemplos que acreditan que os galegos non somos quen de esquecermos das nosas raíces. Se ben é certo que deixar calquera terra non é doado, coído que deixar Galicia é aínda máis difícil. Así é porque supón afastarse dunha cultura, dunha lingua e dunha forma de vida propia. Dunha terra que preserva o seu legado e patrimonio.

A vosa labor ten conseguido que os galegos de Cataluña posúan en Badalona un punto de encontro fiel ás nosas tradicións, pois servides como a mellor fórmula para traballar no mantemento e a transmisión da cultura e dos valores propios da nosa terra ás persoas que viven e vivides lonxe dela. Pero ademais, permitides que as novas xeracións de galegos, esas que nacen a máis de mil quilómetros de nós, sentan que no outro norte de España está tamén o seu fogar.

Facedes que as melodías da nosa gaita sonen á beira-

mar do Mediterráneo. Que os ritmos dos nosos tamborís e pandeiretas marquen o ritmo das muiñeiras que interpretades para que galegos e galegas disfruten do noso baile tradicional. E o que é aínda máis enriquecedor, promovedes que persoas de calquera lugar de España e do mundo coñezan e disfruten do noso folclore, da nosa gastronomía e da nosa lingua.

Amigos e amigas, desenvolvedes un traballo imprescindible para Galicia. Por iso non me queda máis que transmitirvos o eterno agradecemento do pobo galego, dos que vivimos na nosa terra, porque sabemos que en Cataluña temos aos mellores embaixadores das nosas costumes. Galicia somos dos poucos pobos incapaces de esquecer de onde vimos, e desde Agarimos contribuídes a que na Comunidade catalana exista tamén unha pequena Galicia.

Os meus mellores desexos de que sigades a levar o noso nome por todo o mundo. Moitas grazas e parabéns.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



B^O C^U

Bodegas Cunqueiro

— EL VINO QUE NOS UNE —

UNA TRADICIÓN EN EVOLUCIÓN

El arraigo a una tierra, esos pequeños secretos que se transmiten generación tras generación, años de esfuerzo, dedicación y sacrificio se conjugan con las técnicas enológicas más modernas y a la vez tradicionales, con el fin de extraer el máximo potencial de cada una de las variedades de uva cultivadas.

Bodegueros DESDE 1920

TRADICIÓN, PASIÓN Y EVOLUCIÓN

Somos una bodega familiar que escribe su propia historia desde hace 3 generaciones y que a través de la dedicación, el cuidado y la sabia combinación y selección de nuestras variedades autóctonas, hemos logrado elaborar vinos de notable calidad, diferentes y con acusada personalidad que están consiguiendo importantes reconocimientos. Descúbrejlos ...



* BODEGAS CUNQUEIRO CUENTA CON MÁS DE 20 PREMIOS NACIONALES E INTERNACIONALES

Saludo del Alcalde de Badalona



Queridas vecinas, queridos vecinos:

Estamos en un momento de gran alegría para toda la ciudad. Este año hemos conseguido hacer unas fiestas mayores, las Fiestas de Mayo, por todo lo alto, con actividades para todos los gustos y todo tipo de público, con el objetivo de ser las mejores y más multitudinarias de los últimos años. Pero una vez pasa el mes de mayo, los barrios consiguen mantener viva esa llama de la fiesta con la ilusión y la colaboración de todos los vecinos y todas las vecinas.

Durante estos próximos días, la entidad AGARIMOS celebra, como cada año, sus fiestas. Una entidad que destaca por la implicación de las personas que lo forman y por el afán que se respira en sus celebraciones. Es por eso que quiero hacer una mención especial a todas aquellas personas que desde el movimiento vecinal y asociativo velan mañana, tarde y noche para que nuestra ciudad tenga buenas propuestas culturales y de ocio, y que se preocupan por pedir, debatir y proponer mejoras que nos beneficien a todos y todas.

Estoy seguro de que este año, al igual que lo han hecho siempre, todas las personas que vengan a participar en estas fiestas disfrutarán tanto como lo he hecho yo cada vez que estoy con vosotros.

¡Buenas fiestas a todos y a todas!

Álex Pastor,
Alcalde de Badalona

Clinica Dental Maxilofacial

Peyri 

**TE DEVOLVEMOS
TU SONRISA**



40%
EN IMPLANTES
ALL-ON-4

**EN SOLO UN DÍA
Y SIN DOLOR**

C/Aragón 270 E°2°. Barcelona

info@clinicadentalpeyri.com TEL.+34 932 160 210



PEYRI TE REGALA

- PRIMERA VISITA
- HIGIENE BUCAL
- RADIOGRAFÍA [RAYOS X]

Clinica Dental Maxilofacial

Peyri 

As feiras de Xinzo de Limia a través do tempo

Pódese dicir que a feira do día 14 en Xinzo, que se organiza desde tempos inmemoriais, deulle forma e vida á vila. Era xa importante no ano 1131, cando o rei Afonso VII lles concedeu aos habitantes de Ourense a exención do portádego e do telonio cando fosen vender á Limia as súas mercadorías[1].

No ano 1576, no libro de mordomía de Xinzo de Limia, pertencente ao conde de Monterrei, faise constar: “Recuento de las tiendas de mercaderes de paños y asientos de piedra de la feria de Ginzo y de lo que cada una de ellas se arrendó el año de mil quinientos setenta y seis”. A feira de Xinzo contaba daquela, no que hoxe é a Praza Maior, con pendellos cubertos para acubillar as mercadorías dos vendedores e pólas a salvo das inclemencias do tempo. O mercado cuberto tiña polo menos dúas portas, unha entrando de Monterrei, con seis ringleiras de postos de venda, e outra, á que se refire como porta de Xinzo, tres ringleiras máis, cun total de corenta postos de venda. Había ademais, cubertas, seis tendas de prateiros e once de mercerías. Todos os postos eran adxudicados mediante poxa polo administrador do conde de Monterrei, que era o beneficiario das rendas. Anos despois, estas rendas, por cesión do conde, pasarían a beneficio do hospital de Monterrei[2].

Por un preito entre veciños no ano 1600, constatamos a importancia que daquela tiña a feira. Nel faise constar que se organiza unha feira o catorce de cada mes, á que concorren todos os veciños da terra e mercadores con panos, lenzos e outras mercadorías; é tanta a xente que nin cinco, nin oito nin dez tabernas chegan para abastecer viño e alimentos. E de todo o que se vende na feira, págase alcabala a Súa Maxestade, cada ano, máis de cento cincuenta ducados. Que por este motivo hai en Xinzo moitos mesóns e tabernas que viven e abastecen pan, viño, peixe, palla



e cebada aos que se lles saca o dereito á venda. Estes terían grandísimas perdas e igualmente perderíanse as alcabalas do rei e o comercio da vila, e moitos veciños terían de marchar de Xinzo.

No século XVIII, a feira do 14 en Xinzo era tida como a mellor da provincia “sin exemplar de que ningún año dichas ferias habían llegado a tanta cantidad sino el



presente (1752-1753)”, referíndose ao arrendamento da de Xinzo e da súa anexa de Ponte Liñares en 16.250 reais. Pola mesma data, na provincia, a máis importante era a de Xinzo seguida da do Carballiño (14.983 reais). A da cidade de Ourense estaba arrendada só en 9.253 reais e 24 marabedís. Co produto das feiras de Xinzo e de Ponte Liñares, que era tamén propia da xurisdición, pagábanse as alcabalas de todos os concellos que compuñan a xurisdición[3].

Pedro González de Ulloa, en 1777, tamén nos informa de como eran as feiras[4], das que di que son “las mejores de la provincia, muy abundante de todo”, especialmente en gado, que se mostraba nun espazoso campo da vila onde tamén se había panos e outras mercadorías a vender debaixo duns alpendres. As alcabalas nas que se arrendaba a feira, xunto coa de Ponte Liñares, eran de vinte mil reais anuais, que se utilizaban para o pagamento da xurisdición, que estaba taxada en corenta e cinco mil reais.

Sendo correxedor de Xinzo Juan Antonio Espada, en xaneiro de 1779 adxudícanse os asentos da feira, pertencentes ao duque de Alba, conde de Monterrei

e marqués de Vilafranca, como dono da xurisdición e para o beneficio do hospital de peregrinos da vila de Monterrei, na cantidade de 1.750 reais. As feiras de Xinzo e Ponte Liñares rematáronse na cantidade de 22.000 reais, sen lles poder cobrar aos “vendedores vecinos de esta jurisdicción, más de dos reales por buey, real y medio por una vaca y un real por cada novillo o becerro, y para los de fuera, mediante no deben gozar del beneficio que tiene hecho esta jurisdicción con que debe contribuir a Su Majestad anualmente, se cobrará un real más por cada buey y medio más siendo vaca, novillo o becerro, y en todos los otros ramos y géneros que paguen alcabala, según la costumbre”.

En 1829, o arbitrio de asentos da feira de Xinzo, do Hospital de Caridade de Monterrei, foi adxudicado en seiscentos oitenta reais; e os de bancos da feira, en dous mil cento cincuenta reais. Neste ano as alcabalas de feira do 14 foron rematadas en catorce mil setenta e cinco reais e dezasete marabedís; pagados “en metálico de oro, plata y cobre (y no en vales ni otra especie), en tres tercios iguales”[5].



A FEIRA NO SÉCULO XX

Nun importante acordo de xaneiro de 1915, considerando o que foi o sentir xeral da poboación durante moito tempo, a corporación municipal acorda celebrar unha nova feira na vila, os días 27 de cada mes, libre polo de agora do pagamento de dereitos ou taxas polos criadores de gado, feirantes e postos de venda. Non debeu ter moito éxito ou non se puxo en andamento porque o día 1º de abril de 1922, sendo alcalde de Xinzo, Alonso Nieto Casado, créase novamente a feira do día 27, de periodicidade mensual. Esta feira chegou a atinxir a mesma vitalidade que a do día 14, de modo que Xinzo pasou a ter dúas feiras importantes, e isto repercutiu tanto no agro e a gandería coma no comercio local. Ao mesmo tempo, continuaba habendo dous importantes mercados semanais, aos martes e aos sábados.

Durante o mandato do alcalde Xesús Carlos Romero Nieto, nos anos 50, designouse o día 21 como data para celebrar unha terceira feira, tema que lles interesaba moito aos comerciantes e hostaleiros, tal era a importancia das feiras na economía local. A pesar da publicidade e das xestións realizadas, a feira do día 21 tivo pouco éxito e foi esmorecendo, e de alí a pouco tempo deixou de facerse.

As feiras do días 14[6] e 27 eran o motor comercial da vila. Nos anos 50 facíanse na Praza Maior, na rúa de Lepanto, na praza dos ovos–hoxe, Xoán XXIII–, na praza do peixe –hoxe, bispo Idacio–, na rúa San Roque e no campo do Toural, onde se traficaba co gado, porcos, burros, bestas, bois do país, vacas e becerros, da gran riqueza pecuaria que tiña a Limia. Tamén estaban no Toural os postos de comida e as polbeiras de Arcos. O menú máis popular era o polbo á feira, os xurelos, sardiñas fritas e a vitela; a venda de carros e de trebellos para a laboura, a louza de barro de Tioira (Maceda) e cestos de vimbios. Todo ao longo da rúa de San Roque, instalábanse os chiolos ambulantes de teas, roscas de Ribadavia, os latoeiros e unha grande variedade de mercadorías.

Na Praza Maior púñase á venda o que daban as leiras: patacas, centeo, trigo e outros produtos agrícolas. Na praza dos ovos vendíase os produtos da horta e da matanza do porco, ovos, galos, galiñas e coellos, tamén había a vender o carbón vexetal da serra de Baltar. Na rúa Lepanto estaban os postos de ferraxarías, onde se vendían potes, fouces para a sega, gadañas e outros aveños para a laboura. Tamén o calzado artesán de chancas e zapatóns, que fabricaban os artesáns de Allariz. Os comerciantes locais sacaban as súas mercadorías as rúas ou pendurábanas nas fachadas dos seus negocios para chamar os clientes. Infinitade de casas de xantares traballaban arreo nas cociñas para satisfaceren a demanda de viandas e bebida dos asistentes á feira.

As feiras empezaban na primeira hora da mañá, que era cando chegaban os feirantes, polbeiras e tratantes de gado en autobuses mixtos –cargaban xente e animais–; do Carballiño viñan as polbeiras no autobús do Rivera; os xamoneiros e tratantes de Maside, coa empresa Gonzalez de Dacón; os de Ourense chegaban nos mixtos brancos da empresa Los Americanos; de Xunqueira viñan co Salomón; e de Allariz, sobre todo os zapateiros, co Purrela. Paisanos e labregos en mixtos, a caballo, en bicicleta ou a pé, e moitos acompañados do gado e outros produtos para vender na feira de Xinzo.

Das aldeas próximas case todos os labregos viñan a pé coas vacas e becerros. Saían cedo e logo dunha hora ou dúas chegaban ao campo do Toural, os de máis lonxe ou viñan nos autobuses mixtos ou tiñan que saír de madrugada e tardaban ata tres horas

na andaina. As vacas levábanse suxeitas pola corda ou xunguidas se eran dúas. Os becerros daban máis traballo, son revoltosos e había que estar pendente deles por todo o camiño.

As vacas se eran novas vendíanse para traballar, as vellas e os becerros ían para o matadoiro e consumo da carne. Os porcos que non eran para a matanza da casa tamén se levaban á feira para a venda, os leitóns para a cría ían no carro cunha cama de palla e cerrado con táboas suxeitas cos estadullos para que non caeran. Para levar o gado á feira había que quitar e pagar unha guía nos concellos.

O concello de Xinzo adxudicaba o cobro dos arbitrios da feira entre as persoas que estivesen interesadas. O día da poxa o que máis pagara quedaba coa feira e cobraba por todo o que entraba, vendía ou e se mercaba no campo do Toural e os postos de venda de froitos do país e demais mercadorías.

Por ela andaban cortabulsas, trileiros –o máis coñecido era o Titá–, charlatáns –famoso foi o chamado Mario–, que entreteña os paisanos coa venda de diversos produtos, en canto os carteiristas aproveitaban a concentración de paisanos para lles alixeirar as carteiras; curandeiros como a Remi, que cuberta de cobras vendía unguentos para curar todos os males. No verán aparecían os vendedores de auga de limón, quen non lembra o berro de ¡Auga de limón fresca y dulce! Tamén había cantares de cego e moitos mendigos a pedir esmola. Os nenos, ao terminar a feira, ían ás zonas de venda de centeo para rebuscar no chan, á procura do valioso cornecho para sacaren unhas ca-

delas; outros, por uns céntimos, coidaban e gardaban no predio da igrexa vella en construción burros, mulas e cabalos dos paisanos que viñan á feira. Á noitiña, e

polos mesmos medios e camiños, todos, ben comidos e bebidos, volvían para as súas casas e, como é sabido, cada un falaba da feira segundo lle fora nela.

Ao longo dos anos 60 e especialmente a partir dos 70, a feira, sobre todo do gado, vai esmorecendo. Os tratantes xa están motori-

zados e van mercar o gado directamente ás aldeas da comarca e os labregos xa non teñen que se preocupar de levalos á feira. Polos mediados dos anos 70, o concello de Xinzo, para evitar a caída da asistencia de gado á feira, acorda que os labregos que asistiren co gado estarán exentos do pago de arbitrios.

As melloras da calidade de vida, as boas comunicacións entre vilas e aldeas así como o gran número de automóviles e autobuses que facilitan o traslado de persoas e mercadorías orixinan que nos últimos tempos as feiras se tornen feiróns onde se venden sobre todo mercadorías téxtiles, bolsos e calzado a prezos moi baixos, case todo manufacturado en países asiáticos. Hoxe en día os paisanos das aldeas e da vila aproveitan para facer as compras, comer o polbo e volver axiña para as súas casas. A feira termina ao mediodía, cando antigamente duraba ata a última hora da tardiña. A globalización, a modernidade e o envellecemento da poboación acabaron con aquelas famosas feiras de Xinzo que só perdurarán na lembranza dos máis vellos.



Do meu libro: Xinzo de Limia na memoria

[1] Gallego, Olga., 2001, p. 40.

[2] Archivo Real Cancillería de Valladolid (ARCHVa). Libro de mayordomía de conde de Monterrey de Ginzo de Limia. Protocolos y padrones. Caixa 51.3.

[3] Gallego, Olga, 2001, p. 40.

[4] González de Ulloa, cando fala de Viladerrei, indica que alí tiña lugar a feira que agora se fai en Xinzo, que era vila de xurisdición separada e de menos extensión que a de Viladerrei.

[5] AHPOu. Protocolos notariais, caixa 1522, folio 42.

[6] A chamada feira das mozas era a do 14 de maio, día en que a vila se enchía de mozos e mozas á procura de noivo; para moitos era a primeira vez que visitaban a vila. Todos coñecían o refrán que dicía: "O que non bota noiva o 14 de maio, non a bota en todo o ano".





PULPERO DE LUGO

RESTAURANTE - BRASERÍA



ESPECIALIDAD EN JAMÓN DE BELLOTA
CARNES A LA BRASA
PULPO GALLEGO
COCIDOS
PESCADOS Y MARISCOS FRESCOS

C/ Maragall, 9
08930 Sant Adrià de Besòs
Barcelona

93 381 07 21

DURAN

Joiers

Av. Santa coloma 15

Santa Coloma de Gramenet

C.P. 08923 (BCN)

tel. 93 386 51 98

Iª Jornada Vía Marina del Camino de Santiago



LA VIA AUGUSTA, CAMINO DE PEREGRINOS

La Vía Augusta desde su encuentro con la Vía Domitia en Coll de Panissars fue una ruta de peregrinaje, y así lo testifican los restos humanos encontrados en las ruinas del monasterio de Santa María de Panissars, que fueron enterrados con las conocidas vieiras de Santiago. La Vía Augusta se dirige a Girona, por lo que la empezaremos en esta ciudad.

Girona es una ciudad jacobea

La ciudad de Girona, nos permite recordar más de dos mil años de historia a partir de los recintos de: la Força Vella y el ensanche medieval. El primero corresponde a la dominación romana, y el segundo a la ampliación de las murallas durante los siglos XIV y XV.

La Vía Augusta entraba en Girona después de cruzar el río Onyar sobre el puente de Santiago cerca de la capilla que tenía el nombre de San Jaime, y que conserva la imagen de San Jaime peregrino.

La ciudad tiene vestigios de tradición jacobea. La Catedral conserva una escarapela de los peregrinos que emprendían camino a Santiago. En la fachada de la Catedral vemos también la imagen de Santiago Peregrino. En el interior, la capilla de Santiago matamoros; una vidriera con la imagen de Santiago.

Fuera de la ciudad actualmente en la Vía Augusta pasa la carretera, la autopista y el ferrocarril de Barcelona a Francia, por lo que el Camino ha tenido que buscar alternativas, evitando el tráfico de vehículos, pero conservando el nombre de Vía Augusta.

Siguiendo nuestro Camino llegamos a Fornells de la Selva, En su iglesia parroquial contemplamos en el crucero de la entrada un medallón con la imagen de Santiago Peregrino.

Seguimos por Riudellots de la Selva, al final de su término municipal, tomaremos un camino romano conocido como el Camí de les Ermites que nos llevará a Caldes de Malavella. En tiempos medievales existía hospital de peregrinos.



Via Marina Camí de Sant Jaume

Dejamos a nuestra derecha el camino de la Vía Augusta por el interior hacia Hostalric y Sant Celoni para seguir hacia Vidreres y Blanes (antiguo municipio de fundación romana llamado Blandae) donde conectaremos con la Vía Augusta por marina.

VIA AUGUSTA MARINA

Desde Blanes, el camino se hace “por montaña sobre el mar”. Esta ramificación de la vía romana pasaba por la ribera derecha del río Tordera, encontrando el mar en la población de Malgrat, seguía Santa Susana y pronto llegamos a Pineda de Mar, con los restos del castillo de Montpalau. En el hospital tienen editados unos “Gozos” en honor de San Jaime y cerca del pueblo hay una ermita dedicada al Apóstol.

Los peregrinos seguían la costa del Maresme pasando por la antigua vía romana.

Más adelante pasamos por Calella con su iglesia parroquial dedicada a San Jaime, testimonio del paso de peregrinos, y su fiesta Mayor el 25 de julio.

Seguimos por San Pol de Mar, donde había la Vila romana Torre Martina. Un kilómetro hacia el interior hay los restos de la fortaleza romana del Morer, que protegía la vía romana. La parroquia está dedicada a San Jaime.

Llegamos a Canet de Mar, población ya existente en la edad media, como lo prueba su iglesia de estilo románico. Seguimos por la costa y llegamos a lo que en la edad media era solamente un barrio marítimo de Sant Martí d'Arenys y ahora es Arenys de Mar ya que la población era conocida como Arenys y su núcleo,



**Pan Artesano
Empanadas
Bicas
Tartas
Roscones...**

**Todos nuestros productos
son artesanos y de
elaboración propia**

**Hacemos reparto a
tiendas y restaurantes**



PANADERÍA

A GALEGA

Para encargos

Tel. 93 777 80 29

C/ Baix, 46 Esparraguera

el hoy conocido como Arenys de Munt, se encuentra dos kilómetros tierra adentro.

Arenys de Munt era el lugar donde los peregrinos encontraban alojamiento al estar más protegidos de los peligros de la costa. La iglesia está dedicada a San



Martín. Desde Arenys el camino se acerca a la costa para pasar por Caldes d'Estrac (Aqua Caldae), con antiguos baños termales. En el siglo XII un caballero barcelonés Pere Gruny construyó un hospital atendido por una comunidad religiosa, un indicio que por aquí pasaban peregrinos.

Saliendo de Caldes d'Estrac la vía romana se separa de la costa y llega a Sant Andreu de Llavaneres, donde se encontró un miliario de la vía romana.

Reencontramos la costa a la entrada de Mataró, antigua ciudad romana. En Mataró existe desde el siglo XVIII un hospital dedicado a San Jaime. Este acogía a los peregrinos que seguían esta ruta de la Vía Augusta por marina. En la capilla del hospital tenían "gozos" dedicados a San Jaime.

Llegamos a Vilassar de Mar, barrio marítimo de Vilassar de Dalt, del cual se tienen noticias desde el siglo X por ser una población protegida por su castillo que existía por el hecho de pasar la antigua vía romana de la costa. En Vilassar de Mar se descubrió un tramo de la Vía augusta de 8 metros de ancho con tumbas romanas a los márgenes y un miliario de época augustea que testimonia la antigüedad del caminó. En Vilassar (hoy de Dalt) se creó una cofradía dedicada a San Jaime en el siglo XVII gracias a la devoción que al santo profesaban la colonia de inmigrantes occitanos allí establecida.

En Premià de Mar también se localizaron unas termas romanas de cronología bajo imperial y los restos de un miliario de la Vía Augusta. Separándose del mar la vía romana pasaba por Traià el norte del actual Masnou. Hay restos de una iglesia construida en el siglo IX bajo la devoción de San Cucufate (Sant Cugat); a finales de la edad media fue reconstruida y puesta en honor de San Jaime. La influencia de los peregrinos motivó el cambio de la devoción del templo.

Llegamos a Badalona, la antigua Baetulo, establecimiento militar de los romanos, situado al lado de la población ibérica de Baitolo. Como lugar de paso

de los peregrinos que seguían esta ruta, tenemos la existencia de la parroquia de San Jaime con "gozos" en loor a San Jaime Peregrino. Esta parroquia es una de las más importantes de la población.

Desde Badalona la Vía Augusta iba hacia el noroeste para salvar el estuario del Besos. Llegamos a San Adrià del Besós, seguimos por San Martín de Provençals y en Barcelona en dirección a la actual Ciutat Vella llegamos a la Plaza de San Jaime y por la calle Ferran terminamos en la iglesia de Santiago.



El 9 de marzo celebramos la 1ª Jornada de la Vía Marina, la 5ª etapa: del Masnou hasta Sant Adrià de Besós)

Desde Masnou salieron más de 150 peregrinos hacia Sant Adria recorriendo la ya citada Vía Augusta y llegaron a Sant Adria (En donde se les dio para reponer fuerza un buen trozo de empanada y una botella de agua) y para reponer la mente, el grupo de gaitas de la Agrupación Cultural Gallega de Agarimos le amenizaban la llegada. Por la tarde del mismo día la misma agrupación nos deleito con un concierto de Gaita a cargo del solista del grupo y al día siguiente con el fin de despertarnos con alegría el mismo grupo realizó un Cercavila por las calles de Sant Adrià.

En paralelo y gracias a la generosidad a Filmax, a los niños se le proyectaron durante los dos días las películas de "The Way", "Donk y Xote" y "Nocturna".

Como colofón de los actos el Doctor D. Xavier Añoveros Trias de Bes no deleito con una conferencia sobre "La multiculturalidad en el Camino de Compostela" y el Catedrático de Arquitectura D. Alfonso Pérez Guerra con una conferencia de "Sant Adrià del Besós Vocacional Marítima".



Escanea este código QR para conocer la Vía Marina y sus etapas en más detalle.



La ESTRELLA de esta nueva gama es ORIXES DRY GIN, elaborada en pequeñas partidas de 450 litros, que hacen que el maestro destilador tenga en todo momento el control del proceso, por lo que se considera una ginebra de producción limitada.

VALCAR

Nuestro tinto más comercial muy solicitado en comercios y en hostelería donde gozan de nuestra presencia en la carta.
 CATA Grado alcohólico 12%Vol. Variedad de uva: Está compuesto por dos tipos de uva diferentes: 90% Mencía y 10% Garnacha.
 Procedencia Subzona Ribeiras de Sil en la Ribeira Sacra.
 Presentación: en caja de seis botellas
 Fase visual: Color rojo picota con ribete granate. Predominio de la tonalidad violacia sintonía de su juventud.
 Aspecto limpio y brillante
 Fase olfativa: Aroma afrutado y fresco con notas intensas de fruta característica de la variedad
 Fase gustativa : En boca vini con buena entrada bien conjuntado y equilibrado



“BE DIFFERENT
 BE GALEGO”

VALCAR SELECCIÓN

El más alto de nuestra gama
 CATA
 Grado alcohólico 12,5%Vol
 Variedad de uva: Monovarietal Mencía
 Procedencia Subzona Ribeiras de Sil
 Caja: se presenta en cartón de 6 botellas
 Fase visual: Color rojo cereza de capa media con ribete atejado, fruto de su evolución en madera
 Aspecto : Limpio y brillante.
 Fase olfativa : Aroma con recuerdos de frutas rojas y negras muy maduras tipo grsella arándano, mora , bien ensamblados con los tostados y especiados de la madera.
 Fase gustativa : En boca es un vino de entrada suave, carnoso con taninos bien integrados, franco, equilibrado y muy persistente.



Terra de Lendas
 ALBARIÑO

NOTA DE CATA
 Limpio y brillante, de color amarillo pajizo con destellos verdosos. Intenso, complejo y elegante. En nariz nos invade un torrente de aromas a albaricoque, azahar y gardenias mientras en boca presenta una gran estructura, untuosidad, dulzor glicérico y a la vez balsámico como el laurel, pero sin aristas. De trago largo y persistente retrugoso.



ORIXES
 TREIXADURA
 RIBEIRO

NOTA DE CATA
 Brillante, de color amarillo con destellos verdosos. Intenso en nariz con marcados recuerdos de frutas tropicales (Lichi, Maracuyá) Pura potencia, llena la boca con una enorme untuosidad integrada con su cítrica frescura De largo posgusto.
 Graduación : 12,5%Vol



Lenda de Vento
 RIBEIRO

NOTA DE CATA
 Amarillo pálido, fresco en nariz frutas de hueso manzana y pera. Refrescante en boca, cítrico y fácil de beber gracias a su moderada graduación que hacen de este vino ideal par aperitivos y ágapes.
 GRADO ALCOHÓLICO 11,5%Vol



**ASSESSORIA VENTURA
 VENTURA ASSEGURANCES**

FISCAL · LABORAL · SEGUROS · CONTABILIDADES · HERENCIAS · APERTURAS

**PROMOCIÓN ESPECIAL PARA SOCIOS Y SIMPATIZANTES DE
 AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA AGARIMOS
 Descuento de 10%, 15% y 20% en TODOS NUESTRO SEGUROS**

HORARIO:Mañanas de Lunes a Viernes de 9h a 14h

Tardes de Martes y Jueves de 16h a 20h

**Avda. Marqués de Sant Mori, 97 baixos
 C.P. 08913 - BADALONA**

**Fiscal:mmorant@assventura.es
 Laboral:smanzano@assventura.es
 Seguros:seguro@assventura.es**

**Tel. 93 399 32 11
 Fax. 93 399 43 05**



Letras Galegas 2019

Antón Fraguas

O 17 de maio de 2019 estivo dedicado ao historiador e xeógrafo Antón Fraguas Fraguas, que foi o galardoado pola Real Academia Galega co Día das Letras Galegas.

Antón Fraguas naceu o 28 de decembro de 1905 en Loureiro, Cotobade (Pontevedra). Foi un gran defensor do idioma galego, o que lle levou, con tan só 18 anos, a ser un dos fundadores da Sociedade da Lingua en Pontevedra, encargada de publicar un dicionario que nunca puido saír á luz.

Trasládase a Santiago co fin de estudar Filosofía e Letras e ingresa nas Irmandades da Fala. Licénciase en 1928, mesmo ano no que é admitido como membro do Seminario de Estudos Galegos, onde inicia estudos de xeografía de Galicia, poñendo énfase na súa terra natal, Cotobade. Tamén debemos destacar que realizou importantes estudos etnográficos, como os relacionados co entroido.

Fraguas está considerado un dos transformadores do Seminario de Estudos Galegos. As súas funcións foron variando no mesmo seminario, empezando de bibliotecario, seguindo de secretario e acabando como director da sección de Etnografía e Floklore. Moitas das súas investigacións neste último posto foron publicadas, tendo gran repercusión.

Ata 1936 Fraguas traballa como profesor de instituto. A súa vida laboral cambia cando é vítima da represión e é detido. Posteriormente traballa no ensino privado ata 1950, cando pode doutorarse na Universidade de Madrid. Grazas ao doutoramento puido traballar como profesor en Lugo e Santiago ata a súa xubilación en 1975.

Antón Fraguas Fraguas falece na Coruña o 5 de novembro de 1999. Será lembrado por ser un gran escritor, historiador, antropólogo e etnógrafo de ideoloxía claramente galeguista.

Ayudas al pago del consumo de agua

Fondo de Solidaridad

El agua es un bien de primera necesidad y todo el mundo lo ha de tener a su alcance. Por eso en 2012 se creó el Fondo de Solidaridad de Aigües de Barcelona.

Desde entonces, **hemos ayudado a 24.922** familias pagando el importe del consumo de agua y hemos condonado la deuda acumulada a todas las personas en situación de vulnerabilidad.

**Nadie sin agua,
no cerramos el grifo.**

aiguesdebarcelona.cat



**Aigües de
Barcelona**

La gestió responsable



Aigües de Barcelona, al lado de quien más lo necesita

La compañía, que suministra el agua a 23 municipios del área metropolitana, dispone de un abanico de ayudas para familias en situación de vulnerabilidad.

El agua es un bien de primera necesidad y todo el mundo la debe tener a su alcance. Cocinar, lavar los platos, ducharse y bañar a los más pequeños forma parte de la rutina diaria de todos los hogares, independientemente de su condición económica. El agua y su uso nos iguala a todos y todas, y nos hace partícipes de una comunidad que comparte un recurso fundamental que, servido con eficiencia y sostenibilidad, es uno de los pilares de una sociedad desarrollada e inclusiva.

Aigües de Barcelona, consciente de su responsabilidad con las personas como prestataria del servicio, creó en 2012 un Fondo de Solidaridad pionero para atender la situación de las familias vulnerables, es decir, aquellas que, con la crisis económica, no podían hacerse cargo del pago del recibo del agua. De este modo, gracias a su conocimiento de los usuarios y su situación, la compañía se adelantó a las regulaciones normativas y al empeoramiento del contexto económico y social. Y se convirtió en la primera gran compañía de servicios que puede decir, con toda fiabilidad, que no corta nunca el suministro a sus usuarios identificados por los servicios sociales como personas vulnerables.

El Fondo de Solidaridad de Aigües de Barcelona ha firmado convenios con 22 municipios del área metropolitana para garantizar el agua a las personas que, según los servicios sociales municipales, no la pueden pagar por razones económicas. De este modo, un total de 24.000 familias (de las cuales más de 7.000 son de la ciudad de Barcelona) no tienen que abonar el importe correspondiente al consumo que supone el 34% del total. El 66% restante son tasas e impuestos de las administraciones.

Como muchas familias no se han podido recuperar todavía de la crisis y continúan sufriendo dificultades, la compañía ha vuelto a dar un paso adelante. Ha comunicado a todas las personas en situación de vulnerabilidad que les condona la deuda acumulada en los recibos atrasados. Se trata de la deuda que estas familias acumularon desde que no pudieron pagar el recibo hasta que los servicios sociales de sus ayuntamientos las declaró en situación de vulnerabilidad.

Tarifa social y bonificaciones

Aigües de Barcelona también dispone, desde el 1 de enero de 2014, de una tarifa social que supone una reducción del 25% del importe del servicio del agua sobre la tarifa doméstica, a la que se pueden acoger personas en situación de desempleo, jubiladas, viudas, las que perciben una pensión mínima contributiva por incapacidad permanente y las perceptoras de la renta mínima garantizada.



Representante de Aigües de Barcelona en la fiesta de aniversario.

También disfrutan de bonificaciones los hogares con más de tres personas y los hogares con personas con disminuciones y con dependencia reconocida (que computan entonces como dos habitantes). En 2018 más de 21.000 familias se acogieron a este tipo de bonificaciones, que suponen un ahorro de 56 euros anuales de media por hogar.

Deskford Carnyx

Instrumentos del pasado para la música del presente

Deskford Carnyx es un instrumento que data entre los años 200-80 AC y fue encontrado en el año 1816 en Deskford, Banffshire, Escocia. Cuando lo hallaron, estaba casi destruido, solo la cabeza había sobrevivido. El instrumento estaba hecho de láminas de bronce y latón. Es el único ejemplar encontrado en Inglaterra, sin embargo, trompetas similares se han encontrado en Dinamarca y el norte de Europa. En Galicia, el musicólogo Abraham Cupeiro ha construido uno.

El Deskford Carnyx es una obra de arte hecha durante el periodo inicial de los celtas. Tiene la forma de la cabeza de un jabalí con el hocico del revés y está adornado para similar la cara de dicho animal. La complejidad de la trompeta ayudó a los investigadores a decidir que está hecha con metales romanos reciclados, porque el latón no es originario de Escocia. Como ya he mencionado

antes, solo la cabeza sobrevivió; le falta la cresta, las orejas, la lengua de madera la cual se movía cuando el aire salía a través del tubo, los ojos laqueados y el tubo cilíndrico. Para saber todos estos elementos que le faltaban, los investigadores se fijaron en otros ejemplares encontrados.

Los carnyx eran usados como instrumentos musicales cuando los pictos, confederación de tribus que habitaban en el norte y centro de Escocia, estaban en guerra porque el sonido asustaba a los adversarios. Un ejemplo se encuentra en uno de los libros escritos por Julio César donde explica que este instrumento musical le desafió. También comentar que entre los carnyx encontrados por Europa hay unas características que se repiten, pero hay otras que no. Por ejemplo, en Escocia había una tradición de añadirle florituras de bronce.

Como he mencionado anteriormente, el Deskford Carnyx era un instrumento musical utilizado durante las guerras pero no hay claras evidencias sobre ello. De lo que sí hay evidencias es que estos instrumentos acababan su vida siendo un sacrificio para los dioses. El Deskford Carnyx fue enterrado en un sitio húmedo ya que esos lugares eran considerados sagrados porque se creía que la gente podía contactar con los dioses. Este instrumento fue encontrado en un lodazal. Además, en Deskford se han encontrado hoyos en cuyos interiores había cerámicas aplastadas, trozos de carne y piedras preciosas. Estas eran ofrendas que podían hacerse todos los días. Sin embargo, para los



carnyx organizaban una ceremonia donde “mataban” al instrumento, ya que lo desmontaban. Esto podría explicar el porqué de solo haber encontrado la cabeza.

La reconstrucción del carnyx empezó gracias al deseo del Dr. John Purser de traer las músicas del pasado al presente. Todas las partes desaparecidas fueron reconstruidas de manera paralela en diferentes partes de Europa. La reconstrucción también fue posible gracias a las descripciones que escribieron los romanos sobre estos instrumentos musicales y eran utilizados como emblema de las tribus contra las que luchaban. Esa descripción dio a los investigadores un gran rango de comparaciones entre los materiales que utilizaban las diferentes tribus para construirlos. Sin embargo, hay algunos elementos que todavía se desconocen: el diámetro y la longitud del tubo.



Barcelona, diciembre de 2017. Abraham Cupeiro tocando el Carnyx en el Palau de la Música Catalana en el concierto de Carlos Núñez.

Como he mencionado en la introducción, Abraham Cupeiro (Sarría, 1980) reconstruyó un Carnyx de casi dos metros. Para hacerlo se basó en una dista y una moneda romana que se encontró en Tintignac de tan solo 3cm. Durante el diciembre de 2017 acompañó al artista Carlos Núñez y muchos de nosotros pudimos disfrutar del mágico sonido de este instrumento en un lugar increíble como es el Palau de la Música Catalana.

*3 Ribeiro...
Recuperando os cinco sentidos*



“Nada se cultiva en Galicia con tanto agarimo coma o viño”, escribía Xosé Posada hai case 40 anos nese fermoso libro **Os Viños de Galicia**. Moitos coma el facían falta na Terra e fóra dela para que este viño noso percorra o mundo facendo que as festas, as celebracións ou un sinxelo xantar sexa mellor. “**Os galegos, a moitos quilómetros da súa terra, na emigración, lémbrense do seu viño, porque, coma as vides, tamén teñen as raíces profundamente chantadas na Galicia**”... ¡Cánta razón!, Xosé, qué fermosas palabras, que resoan coma oración sagrada nesa ofrenda diaria qué é a Galeguidade en si mesma.

Galicia é viño, **VIÑO CON MAIÚSCULAS**, porque en Galicia non hai viño malo. Do mesmo xeito Galicia é emigración, **EMIGRACIÓN CON MAIÚSCULAS**, porque dividiu Galicia en dúas metades, unha dentro e outra fóra das fronteiras. Unha metade incrustada na terra, nos socalcos das leiras, nos sucos e nos camallóns da codia, mentres a outra metade, afastada e doente, insire nos miolos a raigaña do que un día foi e non quere perder, enxerta na memoria a raiceira dun tempo que xa non vai volver.

E así é **O Ribeiro**, terra de raigañas e raiceiras, inseridas e enxertas, que de ano en ano traen de novo ese froito que é a riqueza dunha bisbarra que chora polos seus, os que nun tempo gorentaban éxitos compartidos e agora se espallan polas catro latitudes levando orgullosos a marca dunha senlleira terra, **O RIBEIRO**, de duras vendimas e troncos retortos dos que agroman bacelos e bagas, en homenaxe as bágoas dos que tiveron a obriga ou a ousadía de marcharen. **¡Eu tamén son Ribeiro!**

